

- Tan só tedes que pensar nunha cousa que fagades ben e cantar a nosa canción -respondeu a toupiña.

- Pero... eu non sei que se me da ben... -dixo Draco.

- Pénsao ben, Draco... todos temos cousas que se nos dan mellor e outras que nos custan máis. Seguro que tes algunha habilidade na que destaques -animouno Andreia.

- Claro! -engadiu a toupiña que estaba no centro do círculo- todos os seres temos os nosos talentos, e cada un aporta algo diferente. Nós somos expertas nos mundos subterráneos porque apenas vemos, pero ás veces precisamos axuda cando saímos á superficie. Igual ocorre cos demais seres: todos somos bos en algo e precisamos axuda para outras cousas, pero traballando en conxunto conseguimos todo o que nos propoñemos sen dificultade.

- Pois...dáseme ben voar... e gústame moito! Dende o ceo podo ver todas as cousas e encántame deslizarme coas correntes de aire.

- Pois aí o tes! A cantar!

Draco decidiuse, e saíu a cantar no medio do círculo das toupiñas, que o animaban bailando elas tamén.

**Eu... teño... unha habilidade (unha habilidade)  
Que se me dá moi ben (que se me dá moi ben)  
Que é voar (que é voar)  
E móvome por aquí  
E móvome por alá  
Todo orgulloso  
Cun pouco de azucre  
E un pouco de sal  
E invítote a ti  
E saes a bailar**

Draco estaba moi contento, descubrira algo que se lle daba ben, e iso facía que se sentira feliz.

- Sabes Andreia? Pensándoo ben hai máis cousas que se me dan ben... Creo que vou cantar esta canción máis a miúdo -dixo Draco rindo.

